



DISPENSACIÓN ENFERMARÍA DOCUMENTO DE USUARIO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



ÍNDICE

Sumario

INTRODUCCIÓN.....	3
ACCESO Á PRESCRICIÓN ELECTRÓNICA.....	3
PRESCRICIÓN.....	4
BUSCA POR PRINCIPIO ACTIVO.....	4
BUSCA POR ESPECIALIDADE.....	5
CREAR PRESCRICIÓN.....	6
MODIFICAR PRESCRICIÓN.....	10
Modificar prescripción creada por Facultativo.....	10
Modificar prescripción con Guía de enfermaría non vixente.....	11
Modificar prescripción de enfermaría por profesional facultativo.....	11
INACTIVAR/ACTIVAR/ANULAR PRESCRICIÓN.....	12
Inactivar Prescripción.....	13
Activar Prescripción.....	15
Anular Prescripción.....	16
RECEITAS.....	17
XERAR RECEITAS.....	17
IMPRIMIR RECEITAS.....	21
Reimprimir receitas para unha prescripción.....	22
ANULAR RECEITAS.....	22

1. INTRODUCCIÓN


O presente documento contén os cambios realizados en IANUS para contemplar a **Dispensación enfermaría**.

2. ACCESO Á PRESCRICIÓN ELECTRÓNICA

O acceso á Prescrición electrónica realízase pulsando na pestana de Prescricións situada na cabeceira da páxina.



A sección atópase estruturada da seguinte forma:

- Na parte esquerda da pantalla:
 - A árbore do paciente coa lista das prescricións activas. Cada prescrición indica a especialidade farmacéutica ou principio activo que contén, e para cada receita o período de tratamento cuberto.
 - O filtro de prescricións. Por defecto mostra as prescricións “ACTIVAS”. Para modificar o contido de visualización na árbore de prescrición debe modificarse os campos do filtro e pulsar no botón “” (actualizar).
- Na parte dereita o detalle das prescricións.
- Na parte inferior os diferentes botóns coas accións que se poden realizar.

Custo estimado tratamento actual

Anual	997.000,00€	Diferenza de tratamento cúbica	Anual	1.349,72€
Mensual	79.750,00€		Mensual	107,48€

Especialidade	Principio activo	Data emisión	Dose/día	Prescrición	Situación	Fecha
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	
OPHTHALMOLOGÍA	TRITACETAMIDA (10.0000 MG)	22/07/2016	0,5 O cada 24 Horas (N)		SUSPENDIDA	

Filtros de prescricións:
 Activas
 Inactivas
 Suspensas
 Finalizadas
 Próxima a caducar
 Caducada
 Regular
 Todas

Accións:

3. PRESCRICIÓNS

Para crear unha prescrición púlsase sobre o botón “[Presc. P.Activo](#)” ou “[Presc. Especialidade](#)” para crear prescrición por principio activo ou especialidade.

[Presc. P.Activo](#)

[Presc. Espec. Cont. Terap.](#)

3.1. BUSCA POR PRINCIPIO ACTIVO


Ao pulsar no botón “[Presc. P.Activo](#)”, móstrase unha pantalla para realizar a busca dun medicamento en concreto.

So se mostran aquelas prescricións para que o usuario de enfermaría teña permisos de dispensación.



Nome	Unidades	Máx. envases	Uso H.E.	Req. R.	Hom.
TRAMADOL 50 MG 30 CÁPSULAS LIBERACIÓN MODIFICADA (12 H)	30.00 CÁPSULAS	1	Non	SI	Non
TRAMADOL 100 MG 20 CÁPSULAS LIBERACIÓN MODIFICADA (12 H)	20.00 CÁPSULAS	1	Non	SI	Non
TRAMADOL 150 MG 20 CÁPSULAS LIBERACIÓN MODIFICADA (12 H)	20.00 CÁPSULAS	1	Non	SI	Non

Ao pulsar no botón de “[Buscar](#)” móstranse os seguintes datos por cada principio activo atopado:

- Nome.
- Unidades (tipo de unidade, como comprimidos, sobres...)
- Max.envases: Número máximo de envases por receita.
- Uso H.E.: Uso Hospitalario Exclusivo.
- Req. R.: Indicación de se require receita.
- Hom.: Se é ou non homologable
-  Icona de Ficha técnica (ao clickar sobre a icona, mostra información da Ficha técnica do medicamento).

Ao seleccionar un Principio activo pódese comezar a crear a prescrición.


3.2. BUSCA POR ESPECIALIDADE

Ao pulsar no botón “Presc. Especialidade”, móstrase unha pantalla para realizar a busca dunha prescrición en concreto.

Lista de especialidades Total especialidades: 8

Nome	Cantidade	Unidades	Xen./Biosim.	Máx.Env.	Prezo	Hom.	Financ.	Req./R.	Compoñentes
CELOTTRADOL 50MG 50 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	50.00 MG	50.00 CÁPSULAS		1	6.35	Non	Si	Si	TRAMADOL (50.00 MG)
CELOTTRADOL 50MG 20 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	50.00 MG	20.00 CÁPSULAS		1	2.50	Non	Si	Si	TRAMADOL (50.00 MG)
CELOTTRADOL 100MG 60 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	100.00 MG	60.00 CÁPSULAS		1	12.45	Non	Si	Si	TRAMADOL (100.00 MG)
CELOTTRADOL 100MG 20 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	100.00 MG	20.00 CÁPSULAS		1	4.14	Non	Si	Si	TRAMADOL (100.00 MG)
CELOTTRADOL 150MG 60 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	150.00 MG	60.00 CÁPSULAS		1	18.62	Non	Si	Si	TRAMADOL (150.00 MG)
CELOTTRADOL 150MG 20 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	150.00 MG	20.00 CÁPSULAS		1	6.21	Non	Si	Si	TRAMADOL (150.00 MG)
CELOTTRADOL 200MG 20 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	200.00 MG	20.00 CÁPSULAS		1	8.27	Non	Si	Si	TRAMADOL (200.00 MG)
CELOTTRADOL 200MG 60 CAPS DURAS LIBERACION PROLONGADA	200.00 MG	60.00 CÁPSULAS		1	24.82	Non	Si	Si	TRAMADOL (200.00 MG)

Ao pulsar no botón de “Especialidade” móstranse os seguintes datos por cada especialidade atopada:

- Nome.
- Cantidade.
- Unidades (tipo de unidade, como comprimidos, sobres...).
- Xen./Biosim.: Xenérico/Biosimilar.
- Máx.Env.: Número máximo de envases por receita.
- Prezo.
- Hom.: Criterio de visado ou non (se é ou non homologable).
- Financ.: Se está financiado ou non.
- Indicación de se require receita.
- Compoñentes
-  Icona de Composición (ao situar o rato sobre a icona, mostra información da composición do medicamento).

Ao seleccionar unha Especialidade pódese comezar a crear a prescrición.



3.3. CREAR PRESCRICIÓN

Esta funcionalidade estará dispoñible para aqueles medicamentos nos que os profesionais de enfermaría dispoñan de autorización de “Dispensación enfermaría”.

A pantalla para crear a prescripción é a seguinte:

A continuación descríbense cada un dos campos:

1- Datos da Prescripción


- **Prescritor:** Indica quen está creando a prescripción.
- **Situación:** Estado da prescripción: inicialmente sempre “ACTIVA”.
- **Principio Activo:** Nome do principio activo prescrito. No caso seleccionar unha especialidade, móstrase a composición de dita especialidade.
- **Especialidade:** Especialidade farmacéutica prescrita ao produto sanitario. Pódese deixar baleira no caso que se desexe prescribir por principio activo.

Cando o nome da especialidade e/ou principio activo sexa maior que o espazo destinado, pasando o rato sobre o mesmo, móstrase un tooltip coa información completa.

- **Homologación:** Indica se, por especialidade farmacéutica/principio activo, por idade do paciente, ou polo diagnóstico, necesita dun Informe de Homologación. Este valor non pode modificarse. Este informe de homologación pódese realizar a partir dunha plantilla seleccionada do listado proposto. Será necesario indicar a vixencia do informe de homologación, que por defecto son 12 meses.



- **Selo campaña sanit.:** O establecemento do selo de campaña sanitaria para unha prescrición, e polo tanto para todas as receitas xeradas dentro dela, será unha decisión do profesional. Todas as receitas dunha prescrición terán o mesmo selo de campaña. En caso de tratarse dunha Especialidade Farmacéutica Publicitaria ou EFP, a prescrición non terá selo.
- **Vía:** Vía de administración do fármaco.
- **Data Inicio:** Data de inicio do tratamento. Obrigatorio. Por defecto, será a data actual.
- **Tratamento:** Indícase se ten fin de tratamento (Agudo), ou non o ten (Crónico). No caso de ser un tipo de tratamento Agudo é necesario introducir a Vixencia. A opción por defecto da duración do tratamento será "Agudo".
- **Confidencial:** O sistema permite, baixo petición verbal do cidadán, establecer unha contrasinal ou PIN de 4 díxitos que pode ser utilizada para protexer as prescricións. Estas prescricións protexidas non serán mostradas no sistema de dispensación a non ser que o paciente proporcione a contrasinal.

Se o cidadán xa conta co PIN, as operacións permitidas son o cambio ou o borrado do mesmo coa icona .



Modificación do PIN


PIN antigo: 1234

PIN novo:

O borrado do PIN implica que todas as prescricións protexidas co mesmo poderán ser consultadas sen PIN dende o sistema de dispensación.

Unha prescrición confidencial só se mostra no sistema de dispensación tras indicar o código PIN asociado as prescricións do cidadán.

- **Guía/Protocolo:** este apartado so se mostrará no caso de medicamentos que teñan vinculados Guías de enfermaría. Para ver o listado de guías dese medicamento é necesario pulsar primeiro sobre a icona da lupa:



Pódese consultar o detalle da guía pulsando sobre a icona de PDF.

Unha vez seleccionadas, mostraranse no formulario de prescrición.



Se tras a selección das guías, o profesional quere modificar esa selección, deberá pulsar de novo sobre a lupa e ao acceder de novo ao formulario de selección de guías mostrará marcadas as guías seleccionadas e poderá seleccionar outras.

No caso de que o medicamento só dispoña dunha única guía, non se visualizará a icona da lupa, e a guía estará seleccionada por defecto.



No caso de que a guía seleccionada non permita o inicio da prescrición, o profesional de enfermaría non poderá crear a prescrición. A prescrición deberá ser creada por un facultativo.

- **Observacións:** Texto libre onde o profesional pode incluír anotacións vinculadas á prescrición. Esta información só estará visible para os profesionais con acceso a consultar as prescricións dese paciente.

2- Datos da Posoloxía

Pódese seleccionar entre tres tipos de posoloxía:

- **Posoloxía Xeral:** na que é necesario introducir a Dose (as unidades de fármaco a administrar segundo a pauta), e a Pauta (Periodicidade segundo a cal administrar o fármaco). Ven definida polo valor de dous campos, o primeiro numérico e o segundo, determinará as unidades de tempo (horas, días).





- **Posoloxía Estimada:** na que é necesario introducir o motivo e a duración do envase. A duración ven definida polo valor de dous campos, un numérico, e outro que determina as unidades de tempo (horas, días, semanas, meses). Esta posoloxía non se atopa dispoñible no caso de que se requira homologación.

Posoloxía estimada:
 Duración dun envase:

HORAS
 SEMANA
 MESES
DÍAS

 Motivo:

- **Posoloxía Detallada:** indícase a unidade de dose correspondente a distintos momentos de tempo. O sistema mostra un formulario de entrada cunha plantilla coas distintas franxas horarias. No formulario selecciónanse as unidades do fármaco en función da súa forma farmacéutica, por exemplo os comprimidos. No caso de que os momentos de tempo coincidan coas comidas, pódese indicar “antes” o “despois” da comida. Na posoloxía detallada só se permiten certas fraccións dunha unidade de dose, en concreto 0.25, 0.5 e 0.75.

Posoloxía detallada:

Unidade:	02:00	04:00	06:00	Almorzo	10:00	12:00	Xantar	16:00	18:00	Cea	22:00	24:00
NT	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
				<input type="text"/>			<input type="text"/>			<input type="text"/>		

3- Datos da Receita

Estes datos só serán necesarios se ademais de crear unha prescrición, deséxase xerar receitas.

- **Data Fin Último Período:** No caso de que exista xa un período recitado para a prescrición, mostra a data de fin. (No momento de crear unha prescrición, este dato estará baleiro).
- **Data de Inicio Receitas:** Data de inicio das receitas. Se a prescrición non ten un período recitado, mostrará a data do día de creación. No caso de ter un período recitado anterior, mostrará a data a partir da cal se poderían xerar novas receitas.
- **Duración:** Indica a duración das receitas que se van xerar. Dispón de dous campos, un numérico, e outro que determine as unidades de tempo (días, semanas e meses).


Cando o tipo de tratamento da prescrición sexa “Agudo”, a unidade de duración por defecto para a xeración de receitas será “DIAS”, mentres que se o tratamento é “Crónico” a unidade de duración por defecto será “MESES”.

Duración:

DÍAS
 SEMANAS
 MESES
DÍAS

- **Envases / receita:** Indica o número de envases que se poden incluír en cada receita.
- **Advertencias farmacéutico:** Advertencias para o farmacéutico.
- **Instrucións:** Texto con instrucións para o paciente.

Para xerar a prescrición é necesario pulsar no botón de “[Crear prescrición](#)”



3.4. MODIFICAR PRESCRICIÓN

Permite a modificación dos campos dunha prescripción pulsando no botón “[Modif. prescripción](#)”.



Non se permitirá modificar nin o principio activo nin a especialidade.

No caso de que a prescripción dispoña de receitas, amosarase a “data de finalización do último período”. A dosificación pódese modificar seleccionando o check “Cambiar posoloxía”.


O sistema non permitirá modificar a vixencia dunha prescripción que xa ten receitas, no caso de que esta nova vixencia non cubra o período receitao. Non obstante, se se trata de modificar a vixencia dunha prescripción que xa ten receitas, permítese que a nova vixencia abranca o período receitao.

Só poderán modificarse aquelas prescripcións por parte dos profesionais de enfermaría daqueles medicamentos que teñan a autorización de “Dispensación enfermaría”.

Os campos que aparecen na pantalla son os mesmos que se describen na creación dunha prescripción.

3.4.1. Modificar prescripción creada por Facultativo


Se a prescripción foi creada por un facultativo poderán modificala os profesionais de enfermaría se o medicamento ten a autorización de “Dispensación enfermaría”. No caso contrario, mostrarase unha mensaxe indicando que non está dispoñible para a prescripción dende enfermaría.



No caso dos medicamentos nos que sexa necesario ter vinculada unha Guía de enfermaría permitirá modificar a prescrición sempre que se dispoña dunha guía activa, no caso contrario, non será posible realizar a operación.


3.4.2. Modificar prescrición con Guía de enfermaría non vixente

Se a prescrición foi creada por un profesional de enfermaría pero ten unha Guía de enfermaría asociada que non está vixente, no formulario de modificación da prescrición, a Guía de enfermaría visualizarase deshabilitada e deberase seguir os mesmos pasos que os indicados na creación.



3.4.3. Modificar prescrición de enfermaría por profesional facultativo.

Un facultativo pode modificar una prescrición que previamente creou un profesional de enfermaría e que poder ter vinculada unha Guía de enfermaría. Aínda que o facultativo non terá que seleccionar ningunha guía, si que verá no formulario da modificación da prescrición, a guía que seleccionou o profesional de enfermaría.



No caso de que a Guía de enfermaría non estea vixente, o facultativo poderá modificar a prescrición igualmente. Ao realizar a modificación, manteranse as mesmas guías que tiña asociada a prescrición previamente.


As accións dispoñibles na modificación de prescricións son as seguintes:

- “**Xerar receitas**”: garda os datos introducidos e volve á árbore de prescricións, creando unha nova prescrición e xerando receitas a partir dela.
- “**Gardar prescrición**”: garda os datos introducidos e volve á árbore de prescricións, creando unha nova prescrición.
- “**Cancelar**”: prescinde dos datos introducidos e volve á árbore.

3.5. INACTIVAR/ACTIVAR/ANULAR PRESCRICIÓNS

Os profesionais de enfermaría poderán activar, inactivar e anular as prescricións se o medicamento ten a autorización de “Dispensación enfermaría”.

No caso dunha prescrición cuxo medicamento teña vinculada unha Guía de enfermaría só poderá realizarse a activación, inactivación ou anulación se no momento de realizar a operación esa guía está vixente para ese medicamento. No caso contrario, mostrarase unha mensaxe informando que é necesario modificar previamente a prescrición para indicar unha Guía de enfermaría vixente.



Os botóns de acceso ás accións de “Anul. Presc.”, “Inact. Presc” e “Activ. Presc.” atópanse na parte inferior da ficha da prescrición seleccionada:



3.5.1. Inactivar Prescrición


Pódense inactivar as prescricións que se atopen en estado “ACTIVA” ou “BLOQUEADA”.

Deben inactivarse as prescricións cando o tratamento deixe de estar activo.

Para **Inactivar unha prescrición crónica**, é necesario que:

- A prescrición non teña receitas vixentes.
- A prescrición teña todas as súas receitas impresas (e rematou o seu período de dispensación) ou dispensadas. No caso de que este punto non se cumpra, o sistema informará mediante unha mensaxe.

Antes de realizar a operación de “Inactivar” solicítase confirmación:



O proceso é reversible e non precisa sinatura.


Se ao desactivar unha prescrición, só están seleccionadas as prescricións activas no filtro de prescricións, non se visualizará na árbore.

Para **Inactivar unha prescrición aguda**, é necesario que:


- A prescrición estea activa. No caso de que se intente inactivar unha prescrición que xa está inactiva (finalizada), cancelada ou bloqueada, o sistema avisará da imposibilidade de facelo.
- A prescrición non teña receitas vixentes.
- Se ten receitas, todas as receitas atópanse nun dos seguintes estados:
 - Teñen que existir dispensadas ou impresas que superasen a condición de dispensabilidade. (Se todas as receitas estiveran anuladas, a acción lóxica sería a de anular a prescrición).
 - Anuladas.

Non se pode finalizar unha prescrición aguda que non teña receitas asociadas, xa que se o usuario entende que se trata dun erro, tería que anulala.


Mentres haxa polo menos unha receita impresa ou dispensada e haxa receitas que non foron anuladas, o sistema ofrecerá ao usuario a posibilidade de anular todas as demais receitas.



Solicitarase confirmación antes de realizar a operación.



Non é un proceso reversible e require sinatura. Pediráselle ao usuario que cubra correctamente o espazo para observacións cos motivos da inactivación.



O cambio de estado que implica a inactivación dunha prescripción pódese consultar no Histórico, na Ficha de prescripción.

Estado	Motivo	Data	Facult./Homol.
INACTIVA		20/07/2021	
ACTIVA		10/06/2021	

3.5.2. Activar Prescripciones

Para activar unha prescripción, debe encontrarse en estado "INACTIVA".



O sistema solicita confirmación antes de realizar a operación.

Despois de activar a prescripción, manterá todas as características que estaban presentes antes de desactivala.

O cambio de estado que implica a activación dunha prescripción pódese consultar no Histórico, na Ficha de prescripción.

Estado	Motivo	Data	Facult./Homol.
ACTIVA		17/03/2009	
INACTIVA		14/01/2009	
ACTIVA		14/01/2009	

3.5.3. Anular Prescricións

Esta operación supón a eliminación da prescrición e só debe realizarse no caso de que se cometa un erro ao vincular a prescrición co paciente.

Se a prescrición que se intenta anular está “INACTIVA” ou “CANCELADA”, o sistema avisará de que esta acción só é posible en “ACTIVAS” ou “BLOQUEADAS”.

Non se permitirá a anulación de prescricións con algunha das súas receitas dispensadas ou impresas.


Todas as receitas electrónicas asociadas anularanse.




Ao facelo, é obrigatorio indicar o motivo no campo Observacións e, a continuación, premer o botón “Anular” para continuar coa anulación definitiva.



Despois de Anular a prescrición, se no filtro de Prescricións non se atopa indicado que mostre as prescricións anuladas, desaparecerá da árbore.

A icona que indica que se anulou unha receita é: 

O cambio de estado que supón a anulación dunha prescrición pódese consultar no Histórico, na Ficha de prescrición.




Estado	Motivo	Fecha	Facult./Homol.
ANULADA	Se indica motivo de anulación	17/03/2009	
ACTIVA		17/03/2009	
INACTIVA		14/01/2009	
ACTIVA		14/01/2009	

4. RECEITAS

4.1. XERAR RECEITAS

Esta funcionalidade permitirase para aquelas prescricións nas que os profesionais de enfermaría dispoñan de permisos. As receitas pódense xerar dende varios puntos da aplicación:


- Dende a pantalla para a creación / modificación dunha prescrición, no botón **“Xerar Receitas”**




- Dende a ficha dunha prescrición, pulsando no botón **“Xerar Receitas”**



No caso de non dispor de permisos móstrase un aviso para indicar que non ten permisos para xerar receitas desa prescrición.




No caso de que o medicamento dispoña de “Guía de Enfermaría”, e esta non se atope vixente, mostra un aviso para indicar que a guía non está vixente e será necesario modificar previamente a prescrición para indicar a Guía de enfermaría vixente.



A xeración de receitas electrónicas é posible unicamente para pacientes identificados con CIP, é dicir, pacientes que teñen Tarxeta Sanitaria.

Existen varios estados, en función do réxime do cidadán, o tipo de fármaco ou útil farmacéutico receitado:

- **Activa:** para medicamentos subvencionados, e pacientes en réxime activo.
- **Pensionista:** para medicamentos subvencionados, e pacientes co réxime pensionista ou persoas con Síndrome Tóxico.
- **Accidente de Traballo:** para medicamentos subvencionados e pacientes en réxime activo e circunstancia de baixa con continxencia profesional.
- **Non Financiada:** para medicamentos non subvencionados, ou pacientes sen cobertura do Sergas. Só se utilizan para medicamentos que requiran obrigatoriamente receita médica.




Como data de comezo do período selecciónase por defecto a data actual do sistema, en caso de non existir períodos recitados anteriores. No caso contrario, a data de comezo do novo período, será calculada en función da data de fin do período anterior, para xerar o novo período sen solapamento có anterior.


Durante o proceso de xeración de receitas, o sistema mostrará unha mensaxe de avance, onde o progreso móstrase cun porcentaxe das receitas que están sendo xeradas.

Para xerar receitas, é necesario ter en conta unha serie de puntos:


1. Se a prescrición non ten vixencia (é dicir, o tratamento é crónico), e carece de informe de homologación
 - a. No caso de que a prescrición non teña período anterior, non se poderán xerar receitas se a data de inicio das receitas é menor que a data actual.
 - b. No caso de que a prescrición teña período anterior, débese ter en conta a posible existencia de remanente de medicamento en dito período para a xeración de receitas. Poderanse xerar receitas sempre que non exista solape; o sistema xerará as receitas posibles, e informará desta situación con mensaxes do tipo:




2. Se a prescrición si ten vixencia (é dicir, o tratamento é agudo), débese ter en conta que só se permitirá xerar receitas para o período de tempo que permita a vixencia.



3. Se a prescrición require de informe de homologación, débese ter en conta que só se permitirá xerar receitas para o período de tempo que permita a vixencia do informe de homologación.




4. Se a prescrición require de informe de homologación e ten vixencia (é dicir, o tratamento é agudo), débese ter en conta que só se permite xerar receitas para o período de tempo que permita tanto a vixencia do informe de homologación, como a vixencia por o tipo de tratamento.
5. Só é posible xerar receitas para un número máximo de días (180). Ademais, terase en conta a existencia de períodos recetados anteriores, de tal forma que dende a data inicial do primeiro período recetado, ata a data final do último período recetado, non supere ese número máximo de días preestablecido.
6. Só é posible xerar receitas por adelantado para un número máximo de días (este máximo de días pode variar en caso de que estea activada ou non a dispensación electrónica).



7. Se a especialidade seleccionada é de Uso Hospitalario Exclusivo, non permite xerar receitas.

Unha vez que as receitas se xeraron, mostraranse colgando da prescrición e do período xerado na árbore de prescricións:



4.2. IMPRIMIR RECEITAS

Permítese imprimir unha receita electrónica, co botón "*Imprimir*". Non se poden imprimir as receitas que requiran homologación e que non están homologadas.

Datos da Receita impresa.

- **Nome da especialidade ou principio activo prescrito:** especialidade ou principio activo da prescripción á que pertence a prescripción.
- **Número de envases:** número de envases que compoñen a receita. Hai especialidades das que se poden entregar máis dun recipiente en cada receita.
- **Ruta:** Ruta de administración da especialidade: oral, tópica
- **Dosificación:** dose que se administrará ao paciente cada vez
- **Duración do tratamento:** está relacionado coas datas de inicio e finalización do tratamento. En caso de tratamento agudo, aparece "Non definido".
- **Información do paciente:** nome e apelidos, ano de nacemento, CIP
- **Datos do médico:** nome e apelidos, número de Colexiado, CNP, centro ao que pertence
- **Data:** data de emisión da receita en formato DDMMYYYY
- **Avisos para o farmacéutico**
- **Identificador de receita / Número de impresións**
- **Tipo de réxime ao que pertence a prescripción** (activo, pensionista, accidente de traballo ou non financiado)
- No caso de que a receita teña activada a comprobación da campaña de saúde, o texto "**Campaña de saúde**" mostrarase como fondo da receita impresa.

4.2.1. Reimprimir receitas para unha prescrición.


Permitirase a reimpresión dunha receita, co botón “**Reimprimir**”, sempre que non se alcanzase o número máximo de reimpressiones definidas e a impresión anterior fora feita no período de tempo permitido.

Os datos da receita reimpresa son os mesmos que os datos da receita impresa. A única diferenza sería o número de reimpressiones.

4.3. ANULAR RECEITAS

A anulación de receitas realízase pulsando sobre o botón “**Anular**” e permítese dentro dun período recetado, cando a receita non estea xa dispensada ou impresa. Este proceso require dunha sinatura e non é reversible.

Pódese anular unha receita cuxo visado se atope rexeitado.



O sistema solicitará a introdución dun motivo correctamente formado.



Ao anularse unha receita, actualízase a súa icona na árbore:



O cambio de estado que supón a anulación dunha receita pode consultarse no Histórico, na Ficha da receita.



The screenshot displays the 'Prescripcións' (Prescriptions) section of the software. On the left, a list of prescriptions is shown, with the date range '18/05/2021 - 18/06/2021' selected. The main area shows the details for a specific prescription:

- Datos receta:**
 - Prescritor: [Redacted]
 - Facilitado por: [Redacted]
 - Estado: **Finalizado**
 - Expiración: [Redacted]
 - Unidade orixinal: TRAUMATO: 150 MG 30 CAPSULAS LIBERACION MODIFICADA (150)
 - Posoloxía: 20 CAPSULAS Cada 24 Horas
 - Vía: VÍA ORAL
 - Data Emisión: 18/05/2021
 - Estado actualizado: 18/05/2021 a 18/05/2021
 - Exercicio: 1
 - Actividades farmacéuticas: [Redacted]
 - Inclusións especiais: [Redacted]
- Datos homologación:**
 - Raporo homologación:
- HISTÓRICO:**

Estado	Motivo	Data	Facult./Homol.
Finalizado		18/05/2021	[Redacted]
Pendente de Oportunidade	Receta Xerada	18/05/2021	[Redacted]

At the bottom, there are buttons for 'Presc. P.Novo' and 'Presc. Espec. Camb. Tipo'.